

# **CONCURSO**

## **“ANAGRAMA DA EOI DE SANTIAGO DE COMPOSTELA”**

### **BASES:**

1. Poderá participar calquera alumno da Escola Oficial de Idiomas de Santiago de Compostela.
2. O formato dos traballos presentados será o seguinte:  
Formato en papel DIN A-4 máximo, así como presentación do mesmo traballo en soporte CD cun formato profesional que permita a súa utilización pola EOI en futuras aplicacións.
3. Valorarase, sobre todo, que sexa claro e vistoso, e que o formato sexa distintivo da EOI de Santiago, para o cal poderase recorrer tanto a palabras como a figuras e símbolos que parezan axeitados.
4. O anagrama deberá ser orixinal e non ter sido premiado en ningún outro concurso.
5. A proposta que resulte premiada pasará a ser o anagrama oficial da EOI. O autor do traballo premiado cederá a totalidade de cantos dereitos de reprodución e imaxe puideran corresponderlle, de todo tipo.
6. Cada participante poderá entregar como máximo tres propostas .
7. A data límite de entrega será o VENRES 2 de xuño.  
Os traballos presentaranse na conserxaría da EOI nun sobre pechado, asinados cun pseudónimo. Dentro dese sobre incluírase outro sobre pechado onde constarán os datos persoais do autor ou autora.
8. O xurado estará composto por un membro do equipo directivo, un profesor de cada departamento, un representante do alumnado e outro do persoal non docente.
9. Outorgarase un único premio de 350 euros na inauguración do curso 2006-2007.
10. O premio poderá quedar DESERTO.